

Resolución do 2 de decembro de 2014, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, pola que se fai público o aspirante que superou o proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 2 de decembro de 2014, o tribunal designado pola Orde do 4 de febreiro de 2014 (DOG núm. 33, do 18 de febreiro), para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.- Publicar como anexo a esta resolución o aspirante que superou o proceso selectivo con indicación do seu documento nacional de identidade.


De conformidade coa base IV.2 da convocatoria, o aspirante disporá dun prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG desta resolución, para presentar a documentación prevista na citada base.

Segundo.- Elevar esta relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para os efectos de que o aspirante que figura nela sexa proposto para o seu nomeamento como funcionario de carreira.

Terceiro.- De conformidade co disposto na base III.13 da Orde da convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2014

O presidente do tribunal



Anexo

NIF	Apelidos e nome	1º ex.	2º ex	3º ex.	4º ex.	5ºex	Total oposición	Total concurso	Total
35473745V	Leirós Alonso de Velasco, Jaime	67,14	58,17	83,50	77	Exento	285,81	9,32	295,13